UNIVERSIDADE DE VIGO

## Deportes

Fomento da actividade deportiva na comunidade universitaria e na sociedade

METODOLOXÍA 1: ABONOS para usar as instalacións e realizar actividades deportivas. MUVer (media mensual: 1410; básico/pista de atletismo: 205)

METODOLOXÍA 2: OFERTA DE ACTIVIDADES E USO DE INSTALACIÓNS

- Fitness: adestramento funcional, adestramento personalizado en grupos reducidos, benestar integral, *body pump*, ciclo *indoor*, CORE, *cross training* (HIIT), *dance fitness*, educación postural, grupo running UVigo, adestramento interválico, ioga, pilates (media semanal de 600 persoas)
- Entradas cardio-fitness (media diaria de 410/3 salas)
- Valoración funcional. Antropometría (180 valoracións anuais)
- Uso libre de instalación: escalada, multideporte e atletismo (media semanal de 250 persoas)

UniversidadeVigo

## Deportes

METODOLOXÍA 3: ESCOLAS DEPORTIVAS

- Iniciación e perfeccionamento: bádmiton, escalada, tenis, tenis infantil, tenis de mesa, voleibol, voleibol de praia e xadrez (media semanal: 400 persoas)
- Augaventura: caiac + *snorquel* + andaina, descenso de rápidos *(rafting)*, *flyboard*, mergullo (saída ao mar), surf, *wakeboard*, windsurf (190 en dúas edicións: primavera e outono)
- Iniciación a novas modalidades: *pickleball* e *jugger*

UniversidadeVigo

## Deportes

METODOLOXÍA 4: COMPETICIÓNS

• Internas (tenis, fútbol sala, fútbol 7, fútbol 11, rugby 7, voleibol, baloncesto, baloncesto 3x3): 1400 participantes.

• Campionatos de España (atletismo, bádmiton, baloncesto, baloncesto 3x3, balomán, campo a través, escalada, esgrima, fútbol 11, fútbol sala, golf, halterofilia, hípica, judo, karate, loitas olímpicas, natación e adaptada, orientación, pádel, rugby 7, surf, taekwondo, tenis, tenis mesa, tiro con arco, triatlón, vela e vela adaptada, vólei praia, voleibol): 97 participantes

• XXXV Xogos Deportivos Galaico-Durienses (campus de Ourense): 38 participantes

METODOLOXÍA 4. RUTAS CULTURAIS

• EXPLORACAMPUS (Vigo): andaina do solpor no monte Galiñeiro, xornadas de iniciación á orientación, á escalada *indoor* e alugueiro de bicicletas BTT (60 participantes)

• Desde o campus de Ourense para os tres campus: 10, total de 1094 participantes

UniversidadeVigo

## Deportes

METODOLOXÍA 5: ACTIVIDADES DEPORTIVAS ORGANIZADAS POLO ESTUDANTADO (campus de Vigo)

• San Teleco, programa deportivo ESN, xornadas deportivas de benvida e xornadas deportivas de Santa Bárbara

METODOLOXÍA 5: BOLSAS DE COLABORACIÓN

• 1 Formación complementaria: internacionalización e 1 dinamización

• 2 Axuda aos/ás deportistas de alto nivel

UniversidadeVigo

UNIVERSIDADE DE VIGO

## Cultura (campus de Vigo)

Oferta cultural para a comunidade universitaria e a sociedade

METODOLOXÍA 1: DIFUSIÓN E COHERENCIA NOS TRES CAMPUS

- Redes Instagram e Facebook *CulturUVigo* (tres campus)
- Creación e actualización do inventario de bens artísticos da UVigo (350 obras)

UniversidadeVigo

## Cultura (campus de Vigo)

METODOLOXÍA 2: ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA COMUNIDADE OU VICERREITORÍA

- 21 obradoiros (248 persoas); 4 cursos de extensión universitaria (119 persoas); ciclos de cine: Cine lingua (4 versión orixinal en italiano con 200 persoas) e Cine submarino (7 documentais con 1100 asistentes e 1000 escolares)
- Teatro (6 obras con 460 asistentes). A aula de Vigo presentou a súa obra en Ourense, Pontevedra, León e O Carballiño (390 asistentes)
- Música: ciclo de cámara nos tres campus (orquestra clásica de Vigo con 130 persoas); música tradicional (Campus Spain, Día das Letras Galegas para Erasmus con 60 persoas); concerto de Nadal (orquestra clásica de Vigo con 600 persoas)
- Concursos: creación audiovisual, pintura, fotografía e maquetas de música (70 persoas)

UniversidadeVigo

UNIVERSIDADE DE VIGO

## Equidade e Cooperación

Impulso dos ODS e da cooperación

METODOLOXÍA 1: ELABORACIÓN DE INFORMES

- ODS (mensual) e revisión do informe anual sobre os ODS da UAP; Axuda Oficial ao Desenvolvemento (anual), Boletín UVigo_humana (bimensual)

METODOLOXÍA 2: FORMACIÓN EN ODS

- PDI: *Introducindo a sustentabilidade e a educación para o desenvolvemento na docencia universitaria en liña coa Axenda 2030* (30)
- Alumnado: *Axenda 2030: Axentes do cambio* (32)

UniversidadeVigo

## Equidade e Cooperación

METODOLOXÍA 3: CONVOCATORIAS E BOLSAS

- *Proxectos Aprendizaxe Servizo no cadro da Axenda 2030 e os seus ODS* (anual 11 novos proxectos)
- Premios aos mellores TFG/TFM en materia de Axenda 2030 e cooperación (29 candidaturas presentadas)
- BOLSAS: 6 estudantes en situación de protección internacional (bolsas), 2 para estudantes de mestrado e grao para realizar estadías en proxectos de cooperación no exterior, 2 de colaboración na área de equidade, 2 para mulleres por África e 4 da Fundación Carolina

UniversidadeVigo

## Equidade e Cooperación

METODOLOXÍA 4: SENSIBILIZACIÓN (ODS e cooperación)

- Concurso de vídeos *Móvete polos ODS* (anual, 14 candidaturas)
- Xornada *Testemuñas dende Palestina*, en colaboración con UVigo por Palestina (1 xornada, 44 persoas inscritas)
- Exposición *Enredadas no cambio,* en colaboración con Entreculturas e Taller de Solidariedade (Vigo e Ourense)
- Coordinación do voluntariado Axenda 2030. Axentes do cambio (anual, febreiro-xuño): 11 persoas voluntarias
- Campañas mensuais sobre os ODS nas redes e na páxina web coincidindo con diferentes días internacionais (14 publicacións)

UniversidadeVigo

## Equidade e Cooperación

METODOLOXÍA 5: TRABALLO EN REDES E ALIANZAS

- RGCUD (Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento), grupos de traballo de cooperación da CRUE, Coordinadora Galega de ONGD, RUD Rede de Universidades pola Diversidade (Organización da IV xuntanza da rede en Vigo, Artigo 9tech, outras ONGD no eido dos proxectos APS, voluntariado e cooperación)

UniversidadeVigo

# Vicerreitoría de Internacionalización

2024

Universida de Vigo

## Liñas de actuación

| | | |
|---|---|---|
| 1 | COOPERACIÓN INTERNACIONAL | - Convenios<br>- Dobres titulacións internacionais<br>- Feiras internacionais de xestión de contactos *(networking)* |
| 2 | MOBILIDADE | - Incremento de mobilidades tanto entrantes coma saíntes<br>- Captación de fondos |
| 3 | PLURILINGÜISMO | - Regulamento de docencia en linguas estranxeiras (ReDLE)<br>- Proba masiva de diagnóstico para estudantado de novo ingreso<br>- Accións formativas |
| 4 | CAPTACIÓN INTERNACIONAL | - Asistencia a feiras de atracción de estudantado |

Universida de Vigo

## Liña 1: Cooperación internacional

- Convenios

| | Convenios marco de colaboración | Convenios de mobilidade |
|---|---|---|
| 2022 | 280 | 2.250 |
| 2023 | 300 | 2.350 |
| 2024 | 320 | 2.800 |

- Dobres titulacións internacionais

  Asináronse 4 novas dobres titulacións internacionais: 2 de grao e 2 de mestrado

  Universidad Nacional Abierta a Distancia (grao)

  Universidade Gastón Dachary (grao)

  Politechnika Łódzka (mestrado)

  Universidade de Palermo (mestrado)

- ATHENA: selo de excelencia, sinatura do acordo do consorcio, traballo en titulacións dobres/conxuntas



## Liña 2: Mobilidade

- Mobilidades

| | SAÍNTES | | | ENTRANTES | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Estudantes | PDI | PTXAS | Estudantes | PDI | PTXAS |
| 2021/2022 | 571 | 89 | * | 497 | 46 | 5 |
| 2022/2023 | 475 | 121 | 4 | 488 | 26 | 4 |
| 2023/2024 | 474 | 108 | 7 | 496 | 36 | 15 |

*Non houbo convocatoria



- Captación de fondos

| | Erasmus KA131 | Erasmus KA171 |
|---|---|---|
| 2022 | 2.205.115 € | 428.940 € |
| 2023 | 2.491.466 € | 80.990 € |
| 2024 | 2.653.946 € | 677.043 € |

2022: 2.901.115 € de fondos da UE, 100.000 € da Deputación de Pontevedra, 14.000 € da Deputación de Ourense, 17.500 € das Bolsas Santander

2023: 2.364.466 € de fondos da UE, 100.000 € da Deputación de Pontevedra, 14.000 € da Deputación de Ourense, 13.000 € das Bolsas Santander

2024: 2.523.946 € de fondos da UE, 100.000 € da Deputación de Pontevedra, 14.000 € da Deputación de Ourense, 3.000 € da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (convenio co Campus Auga), 13.000 € das Bolsas Santander

UNIVERSIDADE DE VIGO

## Liña 3: Plurilingüismo

- Creación dunha área de plurilingüismo en novembro de 2023
- Aprobación do Regulamento de docencia en linguas estranxeiras (ReDLE)
- Proba masiva de diagnóstico para o estudantado de novo ingreso co fin de pór en marcha o Plan PIPA nivel B2
- Accións formativas dirixidas a todos os colectivos (tándem lingüístico, ONE2ONE en inglés, alemán e portugués, Obradoiro de caligrafía chinesa, 4 cursos de pronuncia en inglés para o PDI)
- Tradución ao inglés da web da UVigo
- Higher Education Lecturing Accreditation (HELA)
- Presentación das guías docentes en francés, portugués e italiano

UniversidadeVigo


## Liña 3: Plurilingüismo



















UNIVERSIDADE DE VIGO

## Liña 3: Plurilingüismo: Participación no ONE2ONE de inglés e portugués

| | PORCENTAXE |
|---|---|
| PDI | 44,44 % |
| PTXAS | 14,81 % |
| ESTUDANTADO | 40,74 % |
| TOTAL | 100 % |



## Liña 3: Plurilingüismo. HELA



# Liña 3: Plurilingüismo

LIÑA 3. Plurilingüismo

3.708 estudantes recibiron a proba e realizárona 1543 estudantes (41,6 %)








# Liña 4: Captación internacional

Estudantado internacional matriculado

| Nivel de estudos | 2021/2022 | 2022/2023 | 2023/2024 | 2024/2025 | % incremento |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao | 49 | 63 | 112 | 159 | 224,49 % |
| Mestrado | 146 | 166 | 451 | 279 | 91,10 % |
| Doutoramento | 384 | 217 | 455 | 438 | 14,06 % |

EuroPosgrados2024, México: 10 de nov.








Estudar en España, Lima, 21 de maio de 2024



# Vicerreitoría do Campus de Ourense

2024

UniversidadeVigo

UNIVERSIDADE DE VIGO

## Acreditación do Campus Auga


DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 28 | Jueves, 8 de febrero de 2024 | Pág. 11573

III. OTRAS DISPOSICIONES

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y UNIVERSIDADES

*RESOLUCIÓN de 31 de enero de 2024 por la que se acredita el Campus Agua como campus de especialización del Sistema universitario de Galicia, de acuerdo con el procedimiento establecido en la Orden de 10 de septiembre de 2019 que regula el procedimiento.*




UniversidadeVigo

## Dimensións do Campus Auga




UniversidadeVigo

# Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

2024

Universidade de Vigo

## Relacións institucionais

- Consolidación de marcos de traballo estable coas administracións mediante convenios co Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra e acordos de colaboración co Consello Social da Universidade de Vigo.

- Colaboración coa Escola Naval Militar de Marín a través da Cátedra Almirante Álvarez-Ossorio. I








La reunión de ayer. R. LEIRO

Diputación y Universidad estrechan lazos de colaboración

L. PENIDE PONTEVEDRA / LA VOZ

Universidade de Vigo




<u>Conclúe o informe do desenvolvemento anual do goberno ás 10.55 h.</u>

As intervencións comezan pola letra C.

Coral del Río: "En NÓS Universidade escoitamos con atención o informe anual presentado polo señor Reitor, e con el as liñas de actuación que considerou relevante destacar diante desta comunidade universitaria. O que non escoitamos ao longo destes case dous mandatos que leva no cargo é cales son as súas grandes liñas de política universitaria. Probablemente non as escoitamos porque non existen. O goberno desta universidade adoece deste déficit. Non hai un proxecto de Universidade. Non hai unha idea clara sobre o que queremos ser e onde queremos chegar. Falta unha visión a longo prazo do espazo académico e social que queremos ocupar. Non albiscamos que modelo de renovación de persoal considera o mais adecuado, nin cales son as prioridades e as liñas vermellas. Falta visión de futuro cando negociamos cos nosos representantes políticos. Imos claramente a remolque do que vai acontecer. Nun mundo no que como institución cada vez nos encontramos con maiores perigos, con desinformación xeralizada, desprestixio do coñecemento, e mesmo do método científico, currículos dopados, publicacións depredadoras, iniciativas privadas escasas de calidade pero sobradas de diñeiro, que están a construír o mercado de Educación Superior no noso país, ante todos estes desafíos, a maior preocupación deste equipo é defender (como di o reitor) o dereito moral de todas as persoas acreditadas a alcanzar a cátedra no menor tempo posible. Este é o plan. E xa se está a esgotar. Non hai amplitude de miras nin ideas. Falta un proxecto común, e falta liderado para acometelo, en NÓS Universidade así o percibimos. Despois de seis anos e medio de mandato, non houbo propostas de calado que transcenderan a xestión do día a día. Minto, houbo unha proposta: a proposta de traslado do campus de Lagoas-Marcosende, proposta que durante meses estivo pendurando das nosas gorxas, unha verdadeira desfeita.
Por outra banda, nas iniciativas puntuais que efectivamente se puxeron en marcha estes anos, atopamos un preocupante fío condutor. A miúdo buscaron satisfacer demandas particulares, de persoas, grupos ou centros. Por desgracia, a simple agregación de intereses particulares, lexítimos ou non, con frecuencia impide xerar un proxecto verdadeiramente colectivo. A Universidade das persoas caracterizouse polo seu especial agarimo á carreira profesional dos colectivos mellor situados, e pola creación desaforada de

cargos de libre designación, espallados polo vasto organigrama do goberno. Nunca tantos cargos intermedios houberon, con todo, nunca a xestión do día a día foi tan deficiente. Comezando por Sigma, do que falaremos mais adiante, seguindo polo interminable número de contratos de substitución por listas de agarda, que cada ano teñen que saír, necesariamente, e a toda presa, para completar as exiguas plantillas docentes dalgúns ámbitos de coñecemento. E rematando cos atrancos xerados para cubrir as baixas entre o persoal técnico de xestión e administración de servizos, cunha morea de servizos permanentemente colapsados., por poñer solo algúns exemplos. En resumo: Carecemos dunha política de longo alcance, e a xestión cotiá é tremendamente deficiente. Sen luces longas nin curtas andamos a palpádelas, sorteando as fochancas que nos imos atopando de súpeto no camiño. Señor Reitor, vostede dixo nunha ocasión que o seu obxectivo era que a xente viñera a traballar cada mañá a UVigo cun sorriso nos beizos. Moi loable. Pero nos, sinceramente, non percibimos tal cousa. Pola contra, vemos moito persoal desmoralizado e cunha crecente perda de afección pola institución. Pero isto non sempre foi así.
Houbo un tempo, non tan afastado, no que a UVigo era un fervedoiro de ideas e propostas, e era un modelo a seguir. Necesitamos saír do letargo no que vostedes nos sumiron. Necesitamos recuperar a ilusión cun proxecto novo que faga brotar a paixón que sentimos polo noso traballo e orgullo compartido de pertenza á nosa institución. Desde Nós Universidade creemos que podemos liderar ese cambio porque temos vocación e capacidade para facelo. É por iso que hoxe, aquí, no máximo órgano de representación da comunidade universitaria, queremos facer un anuncio. Nós Universidade comprométese a liderar un proxecto de cambio, e vaise presentar ás próximas eleccións a reitora ou reitor, e será a profesora Carmen García Mateo, catedrática do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións, na Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións, a persoa encargada de coordinar este proceso de construción dunha alternativa con vocación de goberno. Nos xa estamos no camiño. Ogallá que sexamos quen de sumar cada vez moita mais xente a este apaixonante proxecto. Moitas grazas".

Intervén a continuación Ana María Bringas López: quere comentar unha cuestión relacionada coa xestión dos gastos derivados dos concursos de profesorado axudante doutor que se levaron a cabo durante este primeiro cuadrimestre. Unha xestión improvisada, errática, e descoordinada. A día de hoxe, ademais, continúa sen estar resolta. A finais de setembro enviouse desde a Vicerreitoría de Profesorado ás presidencias e secretarías un correo, sen asinar, no que se informaba dun sorprendente cambio de criterio, con respecto ao que se indicara con anterioridade de que se ían abonar os gastos ocasionados polas prazas, xa que Xerencia decidiu que non se pagarían eses gastos, e que os departamentos deberían ser os que se fixeran cargo. Os departamentos, por certo, non recibiron ningunha comunicación ao respecto. Os departamentos manifestaron a súa enérxica desconformidade con este cambio de criterio que comprometía seriamente, de maneira repentina, o seu orzamento para o resto do exercicio económico. Seguramente por este motivo, poucos días despois, houbo unha rectificación e estableceuse un límite de 1.500 euros para as prazas, obrigando aos departamentos a pagar o exceso por enriba desa cantidade.
A mediados de novembro, un novo cambio de criterio. Comunican desde Xerencia que non se van abonar as asistencias ás prazas de axudante doutor xa que se trata de prazas de carácter temporal e a normativa soamente contempla a retribución de asistencias a prazas de persoal fixo. Este detalle nunca fora mencionado con anterioridade. A día de hoxe a situación aínda non está resolta. Tanto os cambios de criterio como o xeito de comunicalo son preocupantes por varios motivos, entre eles a descoordinación amosada entre a Vicerreitoría e a Xerencia, e pola imaxe bochornosa que a UVigo traslada ao exterior. É humillante para a UVigo como institución que colegas doutras universidades reciban un correo sen asinar contradicindo o que se lles dixera nunha reunión previa e instándolles a resolver as súas dúbidas cos administradores de centro a quen non coñecían nin teñen por que coñecer, xa que a tramitación dos gastos non é un asunto da súa competencia. Parécenos unha falta de respecto que as direccións de departamento, que si teñen esa competencia, non fosen informadas previamente e tivesen que enterarse por presidentes de tribunais contrariados.
Conclúe con dos peticións desde Nós Universidades: 1. Vanse pagar as asistencias que aínda non se pagaron?. Cando?. 2. Solicitan que se resolva de xeito claro e inequívoco como se vai facer nas próximas convocatorias de prazas, para evitar unha crítica maior á UVigo.

O reitor di que claramente imos arranxar este problema, é obvio que se cometeu un erro. Engade tamén, en relación coa intervención de Coral del Río, que por suposto que tivemos política universitaria, xa que hai ben pouco que tivemos outro Claustro referido á política universitaria, e ten a sensación de que esa política universitaria foi moi apoiada pola comunidade universitaria. Seguramente hai moita xente que pensa que temos política universitaria. Cando se poida amosar como queda a universidade cando rematemos, dentro dun ano e pico, e como estaba cando a recibimos, pensa que as políticas que se aplicaron serán fáciles de ver.

**4. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2025.**

O reitor informa do seguinte contido, indicando antes de nada que, para a súa sorpresa, o ano pasado houbo moitas queixas en referencia ao teito de gasto e aos orzamentos, polo que el se comprometera a facer unha defensa inicial.

O reitor le un texto relacionado cos orzamentos realizados no 2017, os últimos antes de que chegara o actual equipo de goberno: “Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2018. Cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen explica o Decreto lei 14/2012, de 14 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, e como se ven facendo nos últimos anos, establece a esixencia de que as universidade aproben un límite máximo de gasto para o exercicio económico seguinte. Dado que non hai ningunha normativa que estableza o procedemento para a estimación do teito de gasto, nesta Universidade vense realizando unha estimación razoable en relación ao volume de orzamento que se aprobará no punto seguinte. Dado que se presenta un orzamento de 172.500.000 euros en base dos cálculos que se achegan na documentación, estímase un límite máximo de gasto de 189.282.088,00 euros, que se considera unha proposta razoable para o ano 2018, e que se somete a aprobación do Consello de Goberno. Apróbase por asentimento (Anexo I).”

Como fan o resto das universidades? O reitor mostra o teito de gasto nas Universidades do SUG, destacando a especial singularidade da USC, na medida en que unha parte substancial dos seus ingresos e gastos son afectados, o que se ten en conta nos criterios fixados pola AIRef. Tendo en conta os mesmos, a cifra máxima de gasto non financeiro é de 319.107.877.15 euros neste momento.



Engade ademais que tiñamos na Universidade de Vigo unha situación herdada, xa que existía unha débeda contraída co Concello de Vigo correspondente ao IBI desde o ano 2010. Desde aquela a Universidade preiteou co Concello a respecto do IBI. Existían sentenzas en firme ata o ano 2013.

## Situación herdada

| | |
|---|---|
| · Débeda total | 5.642.826,87 € |
| · Principal | 4.313.304,82 € |
| · Recarga | 862.660,96 € |
| · Xurosde demora | 844.213,69 € |
| · Recarga + xuros | 1.706.874,65 € (30 % da débeda total) |

UniversidadeVigo

As negociacións do actual equipo foron as seguintes: o equipo de goberno desde o minuto cero mantivo contactos co Concello para solucionar tal situación. Como consecuencia das devanditas negociacións os recibos dos anos 2018 e 2019 non se emitiron. O importe da sentenza en firme, independentemente da sentenza do Tribunal Supremo, tivo que ser pagado (1.429.440 Euros). As vantaxes do acordo foron que a UVigo deixou de ser morosa de cara ás administracións públicas. A UVigo ingresou nos seus orzamentos a cantidade total de 700.000  euros entre os anos 2019 e 2020. A UVigo deixou de xerar xuros de demora que doutro xeito deberían ser pagados. A UVigo deixou de xerar recargas que deberían de ser pagadas.

## Acordo

- De cara a deixar de ser morosa e poder ingresar os 700.000 €correspondentes aos anos 2019 e 2020, chegouse ao seguinte acordo co concello:

UniversidadeVigo

## Acordo

- Ingreso do principal sen xuros nin recarga das sentenzas en firme ata o ano 2013.
- Sinatura dun convenio a 10 anos polo resto da débeda.
- A sentenza do Tribunal Supremo será asumida por ambas as partes.
- No caso de que o supremo sentencie en contra da UVigo, a universidade seguirá en negociacións para adecuar os recibos da débeda total á situación catastral e rexistral real do campus, de xeito que a devandita débeda se vería minorada.

UniversidadeVigo

O reitor lembra tamén o contexto da situación económica do 2010:

## Contexto: situación económica en 2010




UniversidadeVigo

Nesa conxuntura, a Reitoría pediu un crédito para o proxecto denominado Campus do Mar de 9.2 millóns de euros para devolver ata 2025 (catro lexislaturas). En 2017 terminaron de gastarse os devanditos fondos e a UVigo ten que pagar ese crédito ata o no 2025, con cotas anuais de arredor de 700.000 euros. Desa conta, herdamos 5.293.112 euros e témolos que pagar entre o mandato precedente e o actual, para finalizar en 2025. Ademais, mostra unha diapositiva na que se pode comprobar que a UVigo está a pagar neste dous mandatos empréstitos anteriores (Campus do Mar e outros), con diferentes anualidades, que fan un total, entre 2018 e 2025, de 6.744.112 euros.

UNIVERSIDADE DE VIGO

## Decisións políticas relativas ao profesorado e ao PTXAS

1. Estabamos na maior crise económica desde a Gran Depresión e os orzamentos da nosa universidade caeron (-10,5 % no período 2009-2014, é dicir, arredor de 20 millóns de euros)

2. As decisións adoptadas pola Reitoría daquela foron:
   a. Subirlle ao PDI ata as 320 horas (se non tiña un sexenio vivo) e despedir case todo o profesorado asociado da universidade e o persoal eventual do PTXAS
   b. Despois de que o anterior reitor, cumprindo a lexislación estatal, autonómica e local, provese durante o período 2007-2009 a masa salarial e os fondos para pagarlle o 100 % do complemento específico ao PDI, neste período decidiron non facelo

UniversidadeVigo

## Empréstitos que a UVigo está a pagar nestes dous mandatos (Campus do Mar e outros)

| Campus do Mar | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 |
| 180.680 | 180.680 | 180.680 | 180.680 | 180.680 | 180.680 | | |
| 450.550 | 457.000 | 463.400 | 470.000 | 476.600 | 483.305 | 490.150 | 497.100 |
| 50.499 | 51.090 | 51.687 | 52.292 | 52.904 | 53.523 | 54.149 | 54.783 |
| 681.729 | 688.770 | 695.767 | 702.972 | 710.184 | 717.508 | 544.299 | 551.883 |
| **Outros empréstitos** | | | | | | | |
| 505.000 | 357.000 | 0 | 399.000 | 47.000 | 47.000 | 48.000 | 48.000 |
| **Total** | | | | | | | |
| 1.186.729 | 1.045.770 | 695.767 | 1.101.972 | 757.184 | 764.508 | 592.299 | 599.883 |
| **Total 2018-2025:** | | | 6.744.112 | | | | |

UniversidadeVigo

UNIVERSIDADE DE VIGO

## Regulación dos créditos

- A devolución do crédito principal (CEI) regulouse a través de convenios marco de colaboración entre a UVigo (como entidade promotora) e a UDC e a USC (entidades beneficiarias)
- Estaban previstos convenios semellantes co IEO e co CSIC, que nunca se asinaron
- A compensación por parte da UDC e da USC (uns 150 k €) foi mínima, e inexistente para o CSIC e o IEO
- Daquela, o crédito foi amortizado practicamente na súa totalidade pola UVigo

UniversidadeVigo

## Regulación dos créditos

- Este esforzo económico practicamente só se materializa de forma tanxible no programa de doutoramento Do*Mar e na captación de media ducia de investigadores e investigadoras, algúns en vías de consolidación a través do Cofund Fellowsea
- Grandes ambicións como a captación de fondos internacionais competitivos de primeiro nivel como proxectos H2020 non se conseguiron, nin tampouco logros de transferencia salientables
- Como valor queda unha marca recoñecible, capaz de aglutinar organizacións do norte de Portugal e de Galicia con éxito en convocatorias rexionais (Interreg, POCTEC…), pero lonxe da excelencia pretendida
- En aspectos de difusión e de divulgación, o cofinanciamento co que se apoiou estas actividades acadou a inercia suficiente como para manter logros e actividades equivalentes cun orzamento anual de arredor de 20.000 euros

TODO ISTO CUN CRÉDITO DE 9.200.000 € PARA DEVOLVER EN 15 ANOS E CUNHA DOTACIÓN ACABADA EN 2017

UniversidadeVigo

Os principios do plan galego de financiamento para o período 2022-2026:

Estabilidade financeira. Suficiencia (estática e dinámica). Eficiencia: ollo a eficiencia docente, que pode ter consecuencias relativas a titulacións. Equidade institucional entre as tres universidades.

Con esta finalidade, os obxectivos do plan son acadar nos cinco anos de vixencia do mesmo:

- Establecemento dun horizonte amplo de suficiencia e estabilidade financeira que permita a Xunta de Galicia e as institucións públicas de ensino universitario na Comunidade autónoma, o desenvolvemento ordenado das súas políticas no período 2022-2026.
- A definición de criterios de asignación de recursos explícitos, baseados nos custes estándar estruturais e na obtención de resultados nos ámbitos fundamentais da actividade universitaria: docencia, investigación e transferencia.
- A estimulación da adecuación da oferta as demandas sociais, reorientando a oferta docente, potenciando a formación continua, a actividade investigadora e a transferencia tecnolóxica e promovendo a mellora da calidade.

Estrutura do plan: custo estándar recalculado, como medida básica que permite abrilas portas. Parte incentivadora: máis indicadores. Novo subfondo, plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica.

Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2017-2025. Un pouco en senda decrecente.



Orzamentos da Universidade de Vigo. Liñas Xerais:

## Achegas dos plans de financiamento á Universidade de Vigo 2017-2025




UniversidadeVigo

## Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2017-2025




UniversidadeVigo

# Resumo por capítulos do ingreso do orzamento de 2025

| RESUMO DOS INGRESOS POR CAPÍTULOS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| CAPÍTULO | | AFECTADO | NON AFECTADO | TOTAL | |
| 3 | Taxas e prezos públicos | 0,00 € | 15.370.000,00 € | 15.370.000,00 € | 6 % |
| 4 | Transferencias correntes | 13.270.473,00 € | 143.129.531,00 € | 156.400.004,00 € | 63 % |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 0,00 € | 1.145.000,00 € | 1.145.000,00 € | 0,004 % |
| 7 | Transferencias de capital | 34.015.728,00 € | 10.990.000,00 € | 45.005.728,00 € | 18 % |
| 8 | Variación de activos financeiros | 29.216.325,00 € | 35.000,00 € | 29.251.325,00 € | 12 % |
| 9 | Variación de pasivos financeiros | 1.190.023,00 € | 0,00 € | 1.190.023,00 € | 0,004 % |

# Orzamento de gasto

| RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMAS FUNCIONAIS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Funcional | Descrición | Estrutural | Afectado | Importe total | |
| 111L | Dotación para o funcionamento das facultades e escolas | 0,00 € | 102.000,00 € | 3.883.080,00 € | 2 % |
| 121D | Apoio ao alumnado e docencia | 440.613,00 € | 7.471.639,00 € | 9.041.988,00 € | 4 % |
| 131H | Investigación e transferencia | 2.264.474,00 € | 44.892.801,00 € | 51.770.005,00 € | 21% |
| 141B | Dotación de fondos bibliográficos | 1.891.300,00 € | 0,00 € | 2.273.900,00 € | 1% |
| 211E | Actividades de extensión universitaria | 368.946,00 € | 370.860,00 € | 1.238.726,00 € | 0,004 % |
| 311V | Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento | 12.137.003,00 € | 9.921.549,00 € | 23.754.052,00 € | 10 % |
| 421S | Goberno e administración da universidade | 137.197.437,00 € | 14.933.700,00 € | 156.400.329,00 € | 63 % |
| | Total | 154.299.773,00 € | 77.692.549,00 € | 248.362.080,00 € | |

UNIVERSIDADE DE VIGO

# Participación dos principais capítulos de gasto

RESUMO POR CAPÍTULOS DO GASTO DO ORZAMENTO DE 2025

| Capítulo | Nome | Estrutural | Afectado | Importe | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Capítulo I. Gastos de persoal | 131.681.869,00 € | 13.947.634,00 € | 145.682.543,00 € | 59 % |
| 2 | Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos | 18.834.391,00 € | 6.444.542,00 € | 35.017.812,00 € | 14 % |
| 3 | Capítulo III. Gastos financeiros | 0,00 € | 0,00 € | 390.000,00 € | |
| 4 | Capítulo IV. Transferencias correntes | 1.699.956,00 € | 5.307.706,00 € | 8.310.762,00 € | 3 % |
| 5 | Capítulo V. Fondo de continxencia | 0,00 € | 0,00 € | 1.000.000,00 € | |
| 6 | Capítulo VI. Investimentos reais | 1.344.357,00 € | 51.992.667,00 € | 57.151.763,00 € | 23 % |
| 8 | Capítulo VIII. Activos financeiros | 0,00 € | 0,00 € | 70.000,00 € | |
| 9 | Capítulo IX . Pasivos financeiros | 739.200,00 € | 0,00 € | 739.200,00 € | |
| | | 154.299.773,00 € | 77.692.549,00 € | 248.362.080,00 € | |

UniversidadeVigo

# Conclusións

- Mantemento do equilibrio orzamentario ao longo do ciclo económico dende 2012
- Considera as grandes infraestruturas (edificio de aeronaútica) e un plan de infraestruturas para a mellora da confortabilidade e dos espazos de convivencia
- Permite a execución de políticas de PDI (estabilización e promoción): OPE 2024 (45 prazas de profesor/a titular, 51 PPL, 30 catedráticos/as, 30 AXD)
- Esforzo pola internacionalización: investigadores/as, estudantado, profesorado, wellcome center, plan de plurilingüismo, a visibilidade internacional
- Garante os dereitos de diversidade da comunidade universitaria
- Garante as actividades de extensión universitaria
- Fornece o desenvolvemento sostible
- Afonda na igualdade
- Fomenta a dixitalización e o uso das novas tecnoloxías

UniversidadeVigo

O reitor indica que no 2025 crearase un novo Instituto de Investigación relacionado co Deporte e a Actividade física.
Son uns orzamentos equilibrados e as estimacións de ingresos son conservadoras, imos ter mais estimación de ingresos por proxectos.

O reitor cede a palabra á xerente para que fale do Teito de Gasto.






UNIVERSIDADE DE VIGO

# LÍMITE DO GASTO NON FINANCEIRO

| SENDA DA REGRA DE GASTO | | | |
|---|---|---|---|
| TAXA DE REFERENCIA | 2025 | 2026 | 2027 |
| | 3,20% | 3,30% | 3,40% |



# Orzamento de ingresos 2025 (por capítulos)

RESUMO DOS INGRESOS DO ORZAMENTO 2025 POR CAPÍTULOS

| Capítulo | Nome | Afectado | Non afectado | Total |
|---|---|---|---|---|
| III | Taxas e prezos públicos | 0,00 € | 15.370.000,00 € | 15.370.000,00 € |
| IV | Transferencias correntes | 13.270.473,00 € | 143.129.531,00 € | 156.400.004,00 € |
| V | Ingresos patrimoniais | 0,00 € | 1.145.000,00 € | 1.145.000,00 € |
| VII | Transferencias de capital | 34.015.728,00 € | 10.990.000,00 € | 45.005.728,00 € |
| VIII | Variación de activos financeiros | 29.216.325,00 € | 35.000,00 € | 29.251.325,00 € |
| IX | Variación de pasivos financeiros | 1.190.023,00 € | 0,00 € | 1.190.023,00 € |
| | | **77.692.549,00 €** | **170.669.531,00 €** | **248.362.080,00 €** |

UNIVERSIDADE DE VIGO

# Orzamento de gastos 2025 (por capítulos)

**Resumen por capítulos de gasto do orzamento 2025**

| Capítulo | Nome | Non afectado | Afectado | Importe |
|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 131.734.909,00 € | 13.947.634,00 € | 145.682.543,00 € |
| II | Gastos correntes en bens e servizos | 28.573.270,00 € | 6.444.542,00 € | 35.017.812,00 € |
| III | Gastos financeiros | 390.000,00 € | 0,00 € | 390.000,00 € |
| IV | Transferencias correntes | 3.003.056,00 € | 5.307.706,00 € | 8.310.762,00 € |
| V | Fondo de continxencia | 1.000.000,00 € | 0,00 € | 1.000.000,00 € |
| VI | Investimentos reais | 5.159.096,00 € | 51.992.667,00 € | 57.151.763,00 € |
| VIII | Activos financeiros | 70.000,00 € | 0,00 € | 70.000,00 € |
| IX | Pasivos financeiros | 739.200,00 € | 0,00 € | 739.200,00 € |
| | | **170.669.531,00 €** | **77.692.549,00 €** | **248.362.080,00 €** |

UniversidadeVigo

# Teito de gasto para 2025

**CÁLCULO LÍMITE GASTO PARA 2025**

| | 2024 | 2025 |
|---|---|---|
| TOTAL GASTO | 248.822.967,00 € | 248.362.080,00 € |
| TOTAL AFECTADO | -75.973.695,00 € | -77.692.549,00 € |
| TOTAL CAPÍTULOS VIII E IX | -670.000,00 € | -809.200,00 € |
| TOTAL NON AFECTADO NON FINANCEIRO | 172.179.272,00 € | 169.860.331,00 € |
| MARGEN AUTORIZADO SOBRE EXERC. ANTERIOR | 5,00% | 3,00% |
| INCREMENTO AUTORIZADO | 8.608.963,60 € | 5.165.378,16 € |
| TOTAL TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO | 180.788.235,60 € | 175.025.709,16 € |

UniversidadeVigo

# Ingresos/gastos non financeiros 2025




# Conclusión

- O teito de gasto resulta axustado á regra de gasto
- Garante o reforzo da prestación do servizo público pola Universidade de Vigo

UNIVERSIDADE DE VIGO

# Orzamentos da Universidade de Vigo

*Liñas Xerais*



# Orzamentos 2025

1. LIÑAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN ORZAMENTARIA 2025

UniversidadeVigo

UNIVERSIDADE DE VIGO

# Orzamentos 2025

## 1.1 ESCENARIO ORZAMENTARIO



**Condicionantes económicos e legais:**

➢Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 aprobado polo Consello Galego de Universidades o 7 de decembro do 2022.

➢Lexislación de carácter xenérico para o sector público autonómico e estatal ou para o ámbito universitario:

- *Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo do Sistema Universitario*
- *Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia*
- *Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*
- *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*
- *Estatutos da Universidade de Vigo*
- *Proxecto de Lei de Orzamentos da CC.AA. de Galicia para o ano 2025*

UNIVERSIDADE DE VIGO

# Orzamentos 2025

## 1.2 EVOLUCIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA DA UNIVERSIDADE DE VIGO



## ACHEGAS DO PLAN DE FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO E DE INVESTIGACIÓN 2016-2024



ORZAMENTO 2025

## EVOLUCIÓN DOS ORZAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO 2015-2025



UNIVERSIDADE DE VIGO

Orzamentos 2025

# 2.1 INGRESOS



| RESUMO DOS INGRESOS DO ORZAMENTO 2025 POR CAPÍTULOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Capítulo** | **Nome** | **Afectado** | **Non afectado** | **Total** |
| **III** | Taxas e prezos públicos | 0,00 € | 15.370.000,00 € | 15.370.000,00 € |
| **IV** | Transferencias correntes | 13.270.473,00 € | 143.129.531,00 € | 156.400.004,00 € |
| **V** | Ingresos patrimoniais | 0,00 € | 1.145.000,00 € | 1.145.000,00 € |
| **VII** | Transferencias de capital | 34.015.728,00 € | 10.990.000,00 € | 45.005.728,00 € |
| **VIII** | Variación de activos financeiros | 29.216.325,00 € | 35.000,00 € | 29.251.325,00 € |
| **IX** | Variación de pasivos financeiros | 1.190.023,00 € | 0,00 € | 1.190.023,00 € |
| | | **77.692.549,00 €** | **170.669.531,00 €** | **248.362.080,00 €** |

| | EVOLUCIÓN DE INGRESOS POR CAPÍTULO | | |
|---|---|---|---|
| | | **2024** | **2025** |
| III | Taxas e prezos públicos | 14.381.222,00 € | 15.370.000,00 € |
| IV | Transferencias correntes | 147.085.022,00 € | 156.400.004,00 € |
| V | Ingresos patrimoniais | 605.000,00 € | 1.145.000,00 € |
| | **Ingresos correntes** | **162.071.244,00 €** | **172.915.004,00 €** |
| VII | Transferencias de capital | 54.433.064,00 € | 45.005.728,00 € |
| | **Ingresos de capital** | **54.433.064,00 €** | **45.005.728,00 €** |
| VIII | Variación de activos financeiros | 32.318.658,00 € | 29.251.325,00 € |
| IX | Variación de pasivos financeiros | 0,00 € | 1.190.023,00 € |
| | **TOTAL** | **248.822.967,00 €** | **248.362.080,00 €** |

→ 6,69%

→ -17,32%

Universidade de Vigo

# DISTRIBUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS 2025




Universidade de Vigo

UNIVERSIDADE DE VIGO

**PARTICIPACIÓN DOS PRINCIPAIS CAPÍTULOS DE INGRESO NO CONXUNTO DO ORZAMENTO COMPARATIVA 2024-2025**

**PARTICIPACIÓN PORCENTUAL DOS INGRESOS NO CONXUNTO DO ORZAMENTO**

| | | 2024 | 2025 | Evolución |
|---|---|---|---|---|
| III | Taxas e prezos públicos | 6,00% | 6,19% | ↑ |
| IV | Transferencias correntes | 59,00% | 62,97% | ↑ |
| V | Ingresos patrimoniais | 0,00% | 0,46% | |
| VII | Transferencias de capital | 22,00% | 18,12% | ↓ |
| VIII | Variación de activos financeiros | 13,00% | 11,78% | ↓ |
| IX | Variación de pasivos financeiros | 0,00% | 0,48% | |



Orzamentos 2025

# 2.2 GASTOS

UNIVERSIDADE DE VIGO

## ORZAMENTO DE GASTOS 2025 (RESUMO POR CAPÍTULOS)

### Resumen por capítulos de gasto do orzamento 2025

| Capitulo | Nome | Non afectado | Afectado | Importe |
|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 131.734.909,00 € | 13.947.634,00 € | 145.682.543,00 € |
| II | Gastos correntes en bens e servizos | 28.573.270,00 € | 6.444.542,00 € | 35.017.812,00 € |
| III | Gastos financeiros | 390.000,00 € | 0,00 € | 390.000,00 € |
| IV | Transferencias correntes | 3.003.056,00 € | 5.307.706,00 € | 8.310.762,00 € |
| V | Fondo de continxencia | 1.000.000,00 € | 0,00 € | 1.000.000,00 € |
| VI | Investimentos reais | 5.159.096,00 € | 51.992.667,00 € | 57.151.763,00 € |
| VIII | Activos financeiros | 70.000,00 € | 0,00 € | 70.000,00 € |
| IX | Pasivos financeiros | 739.200,00 € | 0,00 € | 739.200,00 € |
| | | **170.669.531,00 €** | **77.692.549,00 €** | **248.362.080,00 €** |

UniversidadeVigo

## ORZAMENTO DE GASTOS 2024-2025

### VARIACIÓN DOS CAPÍTULOS DE GASTO 2024-2025

| CAPÍTULO | Nome | 2024 | 2025 | | |
|---|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 143.696.792,38 € | 145.682.543,00 € | | |
| II | Gastos correntes en bens e servizos | 32.241.723,43 € | 35.017.812,00 € | | |
| III | Gastos financeiros | 390.000,00 € | 390.000,00 € | | |
| IV | Transferencias correntes | 8.384.496,00 € | 8.310.762,00 € | | |
| V | Fondo de contingencia | 1.000.000,00 € | 1.000.000,00 € | | |
| | **Operacións Correntes** | **185.713.011,81 €** | **190.401.117,00 €** | → | **2,52%** |
| VI | Investimentos reais | 62.439.955,19 € | 57.151.763,00 € | | |
| | **Operacións de capital** | **62.439.955,19 €** | **57.151.763,00 €** | → | **-8,47%** |
| VIII | Activos financeiros | 70.000,00 € | 70.000,00 € | | |
| IX | Pasivos financeiros | **600.000,00 €** | 739.200,00 € | | |
| | **TOTAL** | **248.822.967,00 €** | **248.362.080,00 €** | | |

UniversidadeVigo

# DISTRIBUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTO 2025




**PARTICIPACIÓN DOS PRINCIPAIS CAPÍTULOS DE GASTO NO CONXUNTO DO ORZAMENTO COMPARATIVA 2024-2025**

VARIACIÓN DOS CAPÍTULOS DE GASTO

| CAPÍTULO | NOME | 2024 | 2025 | VARIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| I | Gastos de persoal | 58,00% | 58,66% | ↑ |
| II | Gastos correntes en bens e servizos | 13,00% | 14,10% | ↑ |
| III | Gastos financeiros | 0,00% | 0,16% | |
| IV | Transferencias correntes | 3,00% | 3,35% | ↑ |
| V | Fondo de continxencia | 1,00% | 0,40% | |
| VI | Investimentos reais | 25,00% | 23,01% | ↓ |
| VIII | Activos financeiros | 0,00% | 0,03% | |
| IX | Pasivos financeiros | 0,00% | 0,30% | |

UNIVERSIDADE DE VIGO

## DOTACIÓN DOS PROGRAMAS DE GASTO






## VARIACIÓN DOS PROGRAMAS DE GASTO 2024-2025

| | PROGRAMA | 2024 | 2025 | VARIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 111L | DOTACIÓN FUNCIONAMENTO FACULTADES E ESCOLAS | 3.753.385,51 € | 3.883.080,00 € | 3% |
| 121D | APOIO AO ALUMNADO E Á DOCENCIA | 8.450.339,76 € | 9.041.988,00 € | 7% |
| 131H | INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA | 55.447.642,84 € | 51.770.005,00 € | -7% |
| 141B | DOTACIÓN DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS | 2.127.400,00 € | 2.273.900,00 € | 7% |
| 211E | ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA | 1.112.875,50 € | 1.238.726,00 € | 11% |
| 311V | DOTACIÓN E MANTEMENTO DE INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO | 24.064.540,76 € | 23.754.052,00 € | -1% |
| 421S | GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DA UNIVERSIDADE | 153.866.782,63 € | 156.400.329,00 € | 2% |
| | **TOTAL** | **248.822.967,00 €** | **248.362.080,00 €** | |

UniversidadeVigo






## **9.041.988,00 €** EN APOIO AO ALUMNADO E A DOCENCIA

1.186.000 € en BECAS

260.000 € en TRANSPORTE

63.000 € en APOIO PSICOPEDAGÓXÍCO

3.930.417 € en innovación educativa, formación permanente, programa de mayores

3.348.896 € en promover a internacionalización de estudantado e profesorado

## 1.238.726,00 € ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

430.160 € para actividades culturais

60.000 € para Campus CREA

437.000 € para actividades deportivas

94.000€ para captación de alumnado

Universida de Vigo

## 51.770.005,00 € PARA INVESTIGACIÓN Y TRANSFERENCIA

3.352.216 € para sostemento dos centros de investigación

272.691 € para departamentos

723.840 € para Centro de apoio á investigación

785.000 € para produción científica

580.000 € para axudas á mobilidade dos investigadores

1.410.000 para contratos predoutorais e outras axudas á investigación

9.389.070,00 € para proxectos internacionais

718.500,00 €, Investigacion no Campus Auga

Universida de Vigo

## 23.754.052,00 € INFRAESTRUTURAS

10.664.004 servizos de limpeza, mantemento, vixiancia, software, e outros

945.705 € en sustentabilidade

244.198 € infraestruturas tecnolóxicas

5.538.848 € Facultade de Enxeñería Aeronáutica e Aeroespacial

109.865 € mellora de accesibilidade Escola de Telecomunicacións

4.703.921 € en mantemento e dotación de edificios, laboratorios e preservación da contorna e dos espazos de convivencia



## 153.400.329 € GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

143.554.009 € en gastos de persoal

2.883.219 € en subministracións

3.034.070 € Gasto de funcionamento ordinario

97.950 € Plan de Normalización Lingüística

**3.883.080,00 €** PARA DOTACIÓN DOS NOSOS CENTROS



**2.273.900 €** PARA DOTACIÓN DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS



**SENDA DE EXECUCIÓN DO EDIFICIO DA ESCOLA DE ENXEÑERÍA AERONAÚTICA E AEROESPACIAL**

| | 2025 | 2026 | 2027 |
|---|---|---|---|
| CONSTRUCIÓN AEROESPACIAL (C. OURENSE) | | | |
| Execución de obras | 3.537.590 | 4.216.590 | |
| Dirección de obra e CSS | 109.410 | 130.410 | |
| Execución de obras | | -500.000 | 500.000 |
| Dirección de obra e CSS | | -15.000 | 15.000 |
| TOTAL | 3.647.000 | 3.832.000 | 515.000 |



A xerente di que así presenta un orzamento que garante a estabilidade, os servizos e accións estratéxicas do goberno.

Intervén en primeiro lugar Javier Hervés dicindo que quere falar de futuro, e polo tanto vai falar da figura de axudante doutor. A súa compañeira Natalia Torres enviou un correo á comunidade universitaria, e ten que agradecer que foran recibidos polo reitor e a vicerreitora para expoñer a súa situación. Quere poñer en contexto as liñas orzamentarias, nas que se establecen como liñas principais tres cousas: seguir coa aposta decidida pola promoción e estabilización do PDI, promover a promoción a figuras estables a quen conseguise a acreditación correspondente e mellorar os programa de profesorado.
Sen embargo, se analizamos os datos da oferta de emprego público relativa á figura de contratado doutor ou PPL, a execución das OPEs, restrinxida a figura de PPL ou contratado doutor, foi a seguinte: a USC executou a OPE do ano 2023 un 100%, a de 2024 nun 80%. A UDC na OPE do 2023 en mais dun 70%, e xa comezaron a executar a OPE do 2024. A UVigo executou a OPE de 2023, nun 0%, a día de hoxe, e a do 20254 non está nin tan sequera aprobada. Isto provoca que na nosa universidade a listaxe de axudantes doutores acreditados sexa a única listaxe que aumenta, e xa ten arredor de 90 persoas. Comenta que mañá, pola información que ten, aprobarase no Consello de Goberno unha oferta da OPE de 2024 de 51 prazas de PPL e unha convocatoria de prazas a concurso de 32. Igual porque "quen non chora non mama", o resultado é de 131 prazas. Quéixase de que esta convocatoria non se fará efectiva ata 2025, quere que se incremente e axilice todo canto antes.

Intervén a continuación Juan José López Escobar, para presentar unha serie de propostas para a mellora, a reivindicación dos dereitos do persoal investigador: Persoal predoutoral, nos últimos anos vense convocando prazas de contratos predoutorais, para captar ou reter investigadores R1, que están comezando a súa carreira investigadora, e esas políticas están moi ben pero cre que a Universidade debería ir un paso más. Propón que se melloren as condicións salariais do persoal predoutoral, como fai o Ministerio e outras universidades, como por exemplo a Universidade de Santiago, para captar e reter futuros investigadores. No obxectivo 18 destes presupostos menciónase que a institución busca ser unha referencia a nivel investigador, no obxectivo 25 menciónase que se busca captar talento investigador, e nos compromisos profesionais co PDI en xeral fálase de plans de captación de persoal investigador. Propón que se melloren esas condicións salariais do persoal predoutoral, como o Ministerio e a Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente, un contratado predoutoral, porque afortunadamente existe unha lei que os ampara, el EPIF por Real Decreto, marca uns salarios mínimos, que se poden, obviamente, aumentar, que son o primeiro e o segundo ano un 56%, dun grupo M3, e o terceiro un 60%, e no cuarto ano un 75%.
Para que as novas xeracións elixan a Universidade de Vigo temos que mellorar as condicións, xa que a xente valora bastante nesa idade e etapa da vida a cuestión salarial. A liña do Ministerio é que finalmente, aínda que non está por lei, sexa o 75% dun M3, polo que propón que eses salarios se complementen na UVigo en liña co Ministerio, e forcen á Xunta a seguir nesa liña cando saquen as axudas. Mais que nada, para evitar tamén que o persoal investigador elixa outras universidades con mellores condicións.
Fala a continuación do tema do asociacionismo na universidade, no obxectivo 29 se comenta que a universidade fomentará a vida universitaria e o asociacionismo. Actualmente o único asociacionismo oficial son soamente as estudantís, e o colectivo *alumni*, pero existen moitos colectivos, como a asociación de persoal investigador da que é o representante, polo que pide que exista un rexistro oficial como se comprometeu a USC recentemente. Ao final dá as grazas.

Intervén seguidamente Jacobo Porteiro para dicir, en primeiro lugar, que como seguramente saberán os membros do Claustro, formou parte do equipo de goberno durante 6 anos, polo que non pode facer unha emenda a totalidade porque se sinte en gran medida parte da estratexia que ven levando este equipo de goberno desde 2018. Tampouco é técnico en orzamentos e polo tanto non vai entrar en temas de detalle, senón que vai tratar un tema en concreto, que ve que é un problema. Di que nestes orzamentos atopou cousas que lle estrañan, xa que se ben dicimos que os orzamentos se manteñen en 248 millóns de euros, entende que aí esta incluído a financiación extraordinaria para a construción do edificio de Aeroespacial, polo tanto, descontado iso, entende que teremos menos cartos para facer fronte aos gastos que temos presupostados. Entende que é un orzamento equilibrado, así se presenta, equilibrado de ingresos e gastos, pero que non corrixe un desequilibrio histórico, que ve plasmado nos orzamentos, e que lle gustaría

UNIVERSIDADE DE VIGO

expoñer. Na páxina 21, cando se fala dos compromisos profesionais co PDI e o PTXAS, dise que no referente ao persoal investigador seguirase coa aposta pola retención de talento de máximo nivel, estabilizando a todo o persoal que obtivese a certificación R3, é dicir, sen límites, de conformidade co artigo 22.3 da lei 17/2022. Se vemos o texto da lei, di: “En la oferta de empleo público, dentro del límite de la tasa de reposición correspondiente a los cuerpos docentes universitarios y a los contratados doctores o a las figuras laborales equivalentes, se establecerá una reserva mínima de un 15% de plazas para la incorporación del personal investigador doctor que haya obtenido la certificación R3”. É dicir, a lei á que facemos referencia establece un límite mínimo, sen embargo, orzamentariamente, o texto que empregamos é estabilizar a todo o persoal investigador que obteña a certificación R3. Entende que é un colectivo que ten dereito de ambicionar a súa estabilización, por suposto, pero temos un cadro de persoal moi desequilibrado, concretamente moi desequilibrado en certas unidades docentes, unidades docentes que teñen un sobre custo de plantilla enormes. Había un cadro que presentou o reitor que expoñía a saída das prazas María Goyri que é certo, pero esa convocatoria ven de fóra, non é política nosa, ven de fóra, ditada en como se calcula. E non ven a corrixir a folgura, ven a consolidar as unidades docentes que non tiñan plantillas consolidadas. Aí non hai folgura, a folgura só pode ser positiva cando hai máis persoal docente que é necesario para cubrir a PDA desa unidade docente. É enxeñeiro mecánico, hai folgura, e aperte. Temos certas unidades docentes cunha folgura enorme, e ademais están apertadas. E se teñen asociados, vanse consolidar, e iso non é corrixir folgura, é consolidar as prazas desas unidades docentes. A folgura está en unidades docentes cun cadro de docentes excesivo. E a consolidación de investigadores que se veñen facendo fai anos veñen distorsionando esa plantilla. E fixemos un exercicio de transparencia, eses cadros son públicos, e esas unidades docentes teñen un sobre custo de persoal de mais de 9 millóns de euros, pode verse esa información na web. Insiste en que, por suposto, os investigadores teñen aspiración a consolidarse, e ogallá tivésemos a capacidade orzamentaria para consolidar a todos, pero estamos a distorsionar a plantilla e o cadro de persoal, pero vén no futuro, como dicía o reitor, un descenso na matrícula, polo que esa situación pode chegar a ser insostible.
Segue a continuación falando, como ven na páxina 36, do Campus do Mar, referíndose aos investimentos, no que se di: unha vez finalizado o financiamento externo deste proxecto, a Universidade de Vigo segue apostando polo seu desenvolvemento e continúa co pagamento dos préstamos, concedidos no ano 2010. Neste marco, o proxecto da antiga ETEA segue sendo obxectivo a consolidar, para o cal estamos a traballar, e que se converterá na verdadeira cidade do mar da Universidade de Vigo. O edificio Siemens acollerá a sede central do CIM, polo que entende que o CIM terá varias sedes. Tamén está previsto integrar na ETEA a Facultade de Ciencias do Mar con aulas e laboratorios. Un plan ambicioso para Ciencias do Mar. Todos estamos satisfeitos de que levaran a universidade polo mundo adiante, e que sigan esas liñas, pero se pregunta se temos todos o mesmo apoio. Na páxina seguinte fálase de Vigo Tecnolóxico, que ten unha parte importantísima do PDI do ámbito tecnolóxico. Pero se comparan os recursos destinados a uns e a outros, os compromisos orzamentarios son definir liñas, establecer sinerxías, promover, é dicir, nada tanxible. Son palabras baratas, non hai compromiso orzamentario. O mesmo se pode buscar no resto dos ámbitos, non hai nada concreto. Onde temos claramente compromisos e un plan moi ambicioso é no Campus do Mar. Non está en contra do Campus do Mar, pero non temos todos o mesmo apoio nos orzamentos. A universidade ten escollidas unha serie de liñas ás que destina todos os recursos que sexan necesarios, pero sen embargo non hai ese apoio institucional no resto de liñas e ámbitos, incluso este ano subíronse moito mais os custos indirectos. Este equipo de goberno, ao que eu pertencín, está lexitimado, elixido democratica e amplamente, e comparte moitas das estratexias e liñas de traballo que vén desenvolvendo. Dille ao reitor que a nave está escorada, empeza a entrar auga pola borda, hai moitas diferenzas entre ámbitos, hai moitos desequilibrios e estes orzamentos insisten mais nesa escora.

Intervén a continuación Juan Carlos Surís, dicindo que é profesor de economía da Universidade de Vigo e que vai falar dos presupostos. Felicita á Xerencia pola presentación do presupostos, ben presentados dende un punto de vista formal, moi correctos, a diferencia do que aconteceu o pasado ano. Incide en que aínda así debemos tratar con rigor estes temas no ámbito universitario, e polo menos que se cumpra o regulamento interno deste Claustro, que establece que debe presentarse a documentación xunto coa convocatoria do Claustro con 4 días de antelación. Tivemos a documentación primaria con apenas dous

días de antelación, e onte presentouse un novo documento definitivo que corrixía certas erratas, ao seu entender, do documento orixinal. Isto non é algo baladí, o coidado da formalidade debe ser especial nunha institución académica. O Consello da Xunta aprobou as regras do teito de gasto en xullo, polo que houbo tempo dabondo para elaborar un proxecto orzamentario en condicións e presentar a documentación a tempo. Formalmente, contablemente, estes orzamentos son correctos, agás por unha pequena cuestión na que o reitor acaba de insistir, a súa discrepancia en como se calcula o teito de gasto. Volve a insistir en que se está facendo mal, e se así se fixo no pasado, non se debería volver a repetir. Pide que se poña a transparencia do teito de gasto de 2025; a súa lóxica económica é para evitar que se dispare o gasto público. A regra de gasto que se nos está a dicir é que o gasto non debe aumentar nunha determinada porcentaxe respecto do orzado o pasado ano. Despois do indicado pola Xunta, só podemos incrementar un 3.2 %, que se aplica sobre o orzado o pasado ano. Sobre o total non afectado nin financeiro, e o resultado é o teito de gasto, que daríanos unha cifra de 177, 7 millóns de euros, e non 175. Así é como se calcula o teito de gasto en todas as institucións públicas que coñece, ou unha aproximación a isto.
O que non ten sentido é o que facemos aquí, xa que a ese 3% sobre o gasto do ano pasado llo engadimos ao orzado neste ano, porque por definición, poderíamos estar orzando por valor de 2.000 millóns de euros, porque seguiríamos cumprindo o teito de gasto. Tecnicamente está mal feito. Estamos nun precipicio económico financeiro.
Fai unha comparación entre orzamento de ingresos e gastos (Anexo I). Cando un orzamento é desequilibrado soamente tes dúas opcións, ou apertas o cinto e restrinxes o gasto, ou intentas incrementar o ingreso, non hai outra, é así de simple a contabilidade. Vai referir onde se comeza a albiscar o precipicio, nos gastos non afectados, porque os afectados, como xa sabemos, son os que están vencellados, ligados a proxectos de investigación, á Comunidade Europea, ao Ministerio, a contratos-convenios, moitos deles plurianuais, onde non ten por que haber unha sincronía entre ingresos e gastos, e polo tanto a análise dos ingresos e gastos neste tipo de gastos afectados non é doado facela se non temos unha información moito mais detallada, e ademais de varios exercicios consecutivos. Vai a referirse ao gasto non afectado, o gasto sobre o que podemos facer perfectamente política universitaria e sería o gasto sobre o que temos capacidade de decidir. Se comparamos o gasto non afectado do 2025 co do ano pasado, empezamos a ver que nos estamos apertando o cinto, son os recortes que anunciara el mesmo o ano pasado.
Comecemos polo capítulo de gastos: Gastos de persoal, incrementamos un 1.5% do gasto non afectado. É unha previsión moi prudente, aquí están as nóminas e as actualizacións salariais non dependen dunha decisión propia da universidade, senón da Xunta de Galicia. Os incrementos salariais poderán estar na senda dun 2%, é previsible que se incremente para o ano que ven. Estaríamos falando dun 2,5%, e non dun 1.5, demasiado prudente. Sen esquecer que cada vez hai mais catedráticos, temos unha plantillas chea de xenerais, máis vellos, cheos de trienios e quinquenios, polo que podería repercutir no futuro na saída de prazas, que teríamos que recortar. Gastos correntes: a luz, a calefacción, os folios e demais, nos que hai un recorte de gasto respecto do ano pasado do 0.9 %. Parécelle ben que intentemos recortar aquí. Transferencias correntes non afectadas: descendemos no orzamento un tercio, o 32 %. Vai haber recortes. Refírese ás bolsas para estudantes, mobilidade, que afectan sobre todo a novos investigadores, refírese a ese tipo de gastos, que imos ter que recortar. Pide á xerente que especifique que bolsas van a ser as afectadas polos recortes. Investimentos reais: volvemos a ver que hai un recorte con respecto ao ano pasado dun 32%. A pesar de que imos construír un edificio novo, imos recortar en infraestruturas, equipamento científico, e mantemento de edificios. Por último, se nos vamos a variación de pasivos, sorpresivamente aparece en gasto non afectado unha variación de pasivo de 700.000 mil euros en positivo, o que significa que estamos devolvendo préstamos. Gustaríalle saber como estamos devolvendo préstamos se antes, o ano pasado, non orzamos ningún incremento de pasivo relacionado coa concesión dun préstamo. Para poder compensar o gasto temos que facelo en ingresos, neste caso en taxas e prezos públicos, fundamentalmente taxas universitarias. Bonificación das matrículas por parte da Xunta do 99 % de primeira matrícula: nese contexto non é posible que haxa un incremento de matrículas dun 21 % como ven nos presupostos. Se isto é posible, roga que se lle explique. Capítulo de transferencias correntes, referíndose como sempre as non afectadas, orzamos un incremento do 11.8 %, nun contexto no que están descendendo os fondos do mecanismo de resiliencia, de transformación, etc. Por todo isto, cre que estanse presentando uns orzamentos moi deficitarios.

Intervén a continuación Elsa Vázquez para facer unha aclaración ao préstamo do Campus do Mar, quería dicir un par de cifras para os claustrais que non o saiban. O préstamo foron 5.3 millóns de euros, a interese 0, e despois 75.000 euros do préstamo de Innocampus. O diñeiro de préstamo de Innocampus, (750.000 euros, agora di outra cifra), foi investido na compra de equipamentos informáticos para a UVigo televisión. As universidades do SUG firmaron un convenio coa Universidade de Vigo para reintegrar 215.000 euros polos gastos que facían elas neste contexto do Campus do Mar. Por outro lado, os fondos incorporados directamente polo Campus do Mar a través de proxectos ascenderan a 4.500.000 mil euros, financiación obtida en convocatorias competitivas. O plan de financiamento de universidades de Galicia, do 2011-2015, incorporaba 5 indicadores de resultados, cada un deles co mesmo peso: Campus de excelencia, captación de recursos externos, internacionalización, transferencia do coñecemento, e calidade da docencia. O ingreso da Universidade de Vigo polo concepto Campus de Excelencia, Campus do Mar, neste período, foi de 10.1 millóns de euros. Entón, tivemos un préstamo de 6.05 millóns de euros, pero entraron en forma de subvención 14.65 millóns de euros, co cal tivemos un balance económico positivo para a Universidade de Vigo de 8.6 millóns de euros, ademais da internacionalización (como dixo Jacobo Porteiro) da nosa universidade. Dá as grazas.
Intervén a continuación Álvarez Villamarín para dicir que xa lle gustaría falar como a intervinte anterior, que aclarou todo. Comenta que se debería eliminar na acta calquera alusión que se fixo a unha persoa e a quen lle pediu desculpas con posterioridade. Engade que a documentación en referencia aos orzamentos debería estar co prazo establecido no Regulamento, van dous anos nos que non se cumpre co prazo establecido. O reitor non debería esquecer o plan de traslado, que provocou nesta universidade un fito, e nunca escoitou dicir que o equipo de goberno se equivocara. Nós universidade é un colectivo ilusionado, con moita capacidade, con moita xente moi boa, e van a presentar unha candidatura ao reitorado dunha muller que vai a ser, seguro, con capacidade, e a primeira reitora dunha universidade galega. Comeza despois co orzamento. A máxima prioridade para o grupo de goberno é a Universidade das persoas, lema do equipo de goberno, non da universidade. Fala de obxectivos e prioridades, do texto, a máxima prioridade para o reitor é a remuda xeracional así como resolver o problema de desequilibrio entre ámbitos. No texto de orzamentos, con moito rollo, 39 obxectivos, a maior parte frases vacías, destacando a promoción do PDI, "tentando comezar unha senda de rexuvenecemento", non remuda, polo que a máxima prioridade resólvese con esta expresión. Despois veñen 5 liñas de actuación co PDI: o primeiro é o compromiso de saída de prazas para acreditados, pero o problema grave de desequilibrio entre ámbitos non ven, e se seguimos lendo o resto dos compromisos, non aparece nin unha sola palabra en relación co desequilibrio entre ámbitos. O desequilibrio refírese a que o 47% dos estudantes desta universidade están no ámbito de Ciencias Xurídico-Sociais, e iso significa que cada docente ten 22 alumnos de media. No ámbito de Ciencias, 9. O barco segue escorando. As consecuencias son, por exemplo, que na Facultade de Ciencias do Mar, o reparto de titorización de TFGs, o máximo por docente son 2. Titulación de ADE, mínimo 7. Iso é o desequilibrio, dille ao reitor. E iso se reflicte nas titorías, na corrección de exames, e da igual, pero iso é desequilibrio. Remata en como trata o equipo de goberno presupostariamente aos colectivos, e refírese ao PTXAS: a non substitución das baixas laborais; todo o mundo o sabe pero ningúen sabe o motivo, pero está ocorrendo dun xeito gravísimo e isto afecta a todos os colectivos. Fala por último do "dereito moral" que dixera o reitor con respecto aos acreditados, dicindo que se pregunta se somos a Universidade das persoas, ou dalgunhas persoas.
Álvarez Villamarín comenta tamén que a súa única experiencia en actas son 16 anos como secretario de departamento, e non coñece ningún texto xurídico que obrigue a recoller as intervencións das persoas, os acordos si, e calquera intervención que sexa entregada literal. O que ten que recoller a acta é o sentido dos debates.
O reitor comenta sobre os orzamentos que as estimacións foron conservadoras, Están chegando persoas, a nosa universidade está moi ben para facer labores investigadoras, Desequilibrio histórico: estas son as prazas do contrato programa, non de María Goyri, que comprometeu durante todo o tempo que está gobernando. Non ten que figurar nos orzamentos que está a corrixirse un desequilibrio entre ámbitos, o que figuran son as prazas. Vigo tecnolóxico, é un campus que decidimos ter no Campus de Vigo, do mesmo ámbito para conseguir cartos cando nos podamos acreditar, polo que non ten lóxica comparalo con centros acreditados como o CIM ou o CINBIO. Sobre rexistro de asociacións, hai unha convocatoria

anual, se pode pedir, se publica, e non cre que haxa problema. Ao profesor Surís pídelle desculpas por enviar a documentación tarde, lembra que a normativa di que debe enviarse, sempre que sexa posible, coas horas precisas de antelación. Sobre o teito de gasto, falamos con diferentes expertos na materia; é chocante que o que estaba moi ben fai 8 anos agora resulte algo extraordinario. Préstamos do Campus do Mar: o que quería o reitor non era facer unha crítica, era dicir que tivemos que pagar ese adiantamento de cartos ata o 2025.
A xerente dá resposta as cuestións que formularon os distintos poñentes, incidindo en que os orzamentos son equilibrados substancialmente, non só formalmente.
Javier Hervés di que non lle contestaron, dicía antes que por que non se sacaban as prazas de contratado doutor. Cre que o motivo é económico. Insiste no tema, no podcast o reitor da UVigo dixo que a UDC está moi mal. O compromiso é o baleirado das listas de acreditados a titulares e catedráticos.
Juan Carlos Surís Regueiro expresa a súa opinión e os datos que sustentan a súa opinión. A realidade é así, non chegamos de gasto non afectado, os estruturais, o importante. No capítulo de persoal, esa previsión de 1.5 %, leva aparellada restricións nas prazas.
O reitor intervén para dicir que poñemos máis énfase na contratación de axudantes doutores. Ao profesor Surís, darlle as grazas, é para debater co máximo respecto.
O reitor aclara que só se estabiliza un 15% máximo. Acerca dos I3 que entran en el plan de retención, soamente entran 4 ao ano. Non toda persoa que teña o I3.

**5. Informe sobre SIGMA.**

O reitor informa sobre SIGMA, de acordo coa seguinte presentación:



# Investimentos da UVigo en Xescampus






USC unixest

Universidade de Santiago de Compostela

Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L.U.



UNIVERSIDADE DE VIGO

## Buscando alternativas

- Hai 100 universidades no mundo que traballan con Universitas XXI
- Hai 35 universidades españolas que traballan con Sigma
- Ambas as aplicacións son sólidas, levan moitos anos servindo as universidades que forman parte delas e non son acabadas de chegar

UniversidadeVigo

## Outras opcións... Non realistas

1. CADE (Campus Académico de Enseñanza) Universidad Complutense de Madrid (UCM): é un sistema da UCM
2. POLUX. Universidad Politécnica de Madrid (UPM): sistema propio
3. GPR (Gestión de Procesos y Resultados) Universidad de Navarra: sistema propio
4. SITEC (Sistema Integrado de la Tecnocampus) Tecnocampus (Universitat Pompeu Fabra): sistema propio engadido ao software da UPF
5. Academic. Universidad Internacional de La Rioja (UNIR): enfocado na ensinanza a distancia e na avaliación continua. Sistema propietario
6. Gaudeamus Universidad Pontificia de Salamanca (UPSA): sistema propio
7. CAMPUS (UAB) Universitat Autònoma de Barcelona (UAB): sistema propio que traballa sobre o software xeral (Sigma)

UniversidadeVigo

UNIVERSIDADE DE VIGO

## Finalmente, as plataformas avaliadas con máis intensidade foron dúas:

- Sigma
- Universitas XXI
- Tívose en conta a opinión de distintas universidades, as comparacións de ferramentas incluídas e os aspectos administrativos
- Sigma acababa de incorporar a Universidad de Cantabria
- No ano 2021 incorporámonos a UVigo e a UDC. A USC incorporouse un pouco máis tarde

UniversidadeVigo

## Data…
## Avaliación da proposta de Sigma

UniversidadeVigo

Universidade de Vigo




Universidade Vigo

# SIGMA Gestion Universitaria AIE (MP)

Agrupación sen ánimo de lucro, fundada en 1996 e presidida por 14 das universidades máis importantes do país, das que ten a consideración de medio propio




Universidade Vigo

UNIVERSIDADE DE VIGO

# Medio propio

Recollido no **artigo 32** da Lei de contratos do sector público (Lei 9/2017, do 8 de novembro) que permite realizar encargos directamente

| Incorporación | Universidade | % |
|---|---|---|
| 1996 | Universitat Autònoma de Barcelona | 13,03 % |
| | Universidad Autónoma de Madrid | 12,56 % |
| | Universidad Carlos III de Madrid | 10,78 % |
| | Universitat Pompeu Fabra | 10,22 % |
| | Universidad Pública de Navarra | 10,41 % |
| | Universidad de Valladolid | 12,38 % |
| | Universidad de Zaragoza | 13,50 % |
| 2008 | Universidad de Córdoba | 10,88 %. |
| 2014 | Universitat de Vic-Universitat Central de Catalunya | 1,04 % |
| 2015 | Universidad de Burgos | 1,04 % |
| 2018 | Universidad Nacional de Educación a Distancia | 1,04 % |
| 2019 | Universitat de les Illes Balears | 1,04 % |
| 2020 | Universidad de Cantabria | 1,04 % |
| | Universitat Politècnica de Catalunya | 1,04 % |

UniversidadeVigo

# Os nosos socios




UniversidadeVigo

## Sigma academic

Solución integral 100 % cloud para o ciclo de vida da xestión académica

SIGMA ACADEMIC proporciona unha visión completa e coherente do proceso de concepción da oferta docente, a súa aprobación e publicación, a localización no espazo e o tempo de recursos necesarios para impartila e o ciclo de vida do alumno/a, desde o seu acceso aos estudos regrados ata a súa titulación, incorporando a xestión particular da formación non regrada






## Sigma academic



## Protocolo de incorporación




Universidade Vigo

## Proxecto de implantación

**Preproxecto de implantación**

- Análise das áreas críticas
- Pautas iniciais do proceso de implantación
- Detección de posibles GAP (imprescindibles para considerar durante o proceso de implantación)
- Deseño e estratexia do proxecto de implantación

Academic
6-12 meses



**Proxecto de implantación**

- Execución do deseño e estratexia do proxecto
- Definición da plataforma SaaS
- Implantación e formación dos diferentes módulos
- Execución de procesos de migración de datos
- Soporte ao arranque

Academic
18-30 meses

Universidade Vigo

UNIVERSIDADE DE VIGO




O reitor comenta que decidimos incorporarnos inicialmente cos títulos propios, en segunda etapa con Grao e Mestrado e nunha terceira etapa con outros módulos, incluíndo doutoramento e moitas utilidades (non investigación). Usabilidade, amigabilidade e facilidade de uso.

Engade que para o POD vai haber unha nova ferramenta para axilizar o traballo da súa preparación, que fixo Martín López Nores. É unha ferramenta web multiusuario, cunha única base de datos actualizada en tempo real. Para os POD de mestrado e de grado.

Estamos traballando nun sistema especial de chamadas para as listas de agarda.

Pide a palabra Íñigo Cuiñas, quen di que implantar SIGMA por parte do reitor era algo audaz, pero quedouse en algo irresponsable, xerando nos centros, departamentos e demais unha situación de inquietude, xa que os datos non se ven, non se pode ver a acta que se asina, como se facía anteriormente en Xescampus, aínda recoñecendo que quedara obsoleto. Sería asumible senón fora que despois dalgunhas semanas non hai consistencia entre o que está rexistrado e asinado, ou ás veces que falta unha persoa na acta (un erro). Se el fora alumno estaría preocupado. Afortunadamente non vai pasar, porque o PTXAS, moi competente nas áreas académicas dos centros, está imprimindo as actas para ver se está ben a documentación, no século XXI. Lle di ao reitor que nos Claustros ve que a xente está cun maior desánimo, sen ilusión. O seu desexo é unha maior ilusión para o próximo ano.

Rosa María Pérez: non fala soamente por ela ou por Nós Universidade, senón que SIGMA foi desde o principio unha fonte de caos, está bastante de acordo co que acaba de dicir Íñigo Cuiñas. Implantouse un pouco a traizón, sen información nin formación previa, o comezo do curso pasado foi unha sucesión de sobresaltos. Este ano temos os mesmos problemas con SIGMA que con anterioridade, non funciona tanto. Nun primeiro momento dixéronlle que o POD que estaba feito en XESCAMPUS tiña que ser volcado en Sigma e por outra parte MOOVI aliméntase soamente de SIGMA. O que pasa é que este ano xa temos SIGMA a pleno funcionamento e os problemas seguen sendo os mesmos. É prexudicial para o estudantado, o profesorado e o PTXAS. Engade que hai xente que non ten acceso ás actas a estas alturas, e pon varios exemplos para resaltar que é moi complicado SIGMA.

O reitor dille a Rosa María Pérez que o inclúa entre as persoas que non están satisfeitas con SIGMA.

María José Ríos: fala de postos de traballo. Destaca o traballo inconmensurable dos seus compañeiros PTXAS neste proceso, pero pregunta se van a estar dous postos de traballo asignados a unha mesma persoa porque, pola estrutura presentada. parece deducirse que unha mesma persoa tería esa duplicidade.

Intervención de Noelia Rivera:

"Hai máis dun ano, no Claustro de xullo de 2023 fixen unha intervención sobre os problemas derivados da implantación de PeopleNet na área de persoal. Rematei aquela intervención desexando non ter que intervir meses despois neste claustro para falar da caótica implantación de Sigma. Pois ben, por desgraza, aquí estou por ese motivo.

Aínda que parece recente, hai xa 3 anos e medio que se implantou SIGMA na Universidade de Vigo. Xa pasaron dúas matrículas de titulacións ordinarias e outra anterior de titulacións propias e seguimos sumidos no caos e sen ter un plan claro de futuro.

A implantación de SIGMA, hai 3 anos foi unha decisión do equipo de goberno que se tomou ao marxe dos servizos de xestión académica da Uvigo. Para cando o PAS tivo coñecemento do novo programa, a súa implantación xa estaba planificada polo equipo de goberno. É máis, vendo a que se viña enriba da Uvigo, o PAS e o persoal dos servizos informáticos, solicitaron ao Reitor unha moratoria para a súa implantación. Era o momento de paralo xa que non se fixera aínda ningunha migración de datos. A resposta foi que era inviable por varios motivos: o certo era que Unixest, a empresa xestora de Xescampus, desaparecía e non quedaba outra que cambiar o programa. Pero sen embargo a Universidade de Santiago sí que parou a implantación. E a Universidade da Coruña, 3 anos despois, aínda está realizando novos desenvolvementos en Xescampus e está a facer unha implantación de SIGMA moi lenta e progresiva. Entón, sí parece que era posible paralo. Pero non pasou así na Uvigo. Tamén había outro argumento estrela para implantar sigma, é un programa utilizado de xeito exitoso por moitas universidades entón porque non ía funcionar na Uvigo?

Se ben é certo que se utiliza noutras universidades como Zaragoza, Burgos ou a Carlos III, SIGMA ten éxito grazas a que utilizan aplicación satélites. SIGMA é unha aplicación que ten máis de 20 anos pero está chea de parches. Quizais, foi exitoso naquelas universidades que practicamente traballaban en papel, pasar de cero a sigma é un avance, pero co desenvolvemento informático en xestión académica que tiñamos na Uvigo, este programa o que está a provocar é un retroceso de décadas na xestión académica na Universidade de Vigo. Había un nivel de informatización que se botou por terra. Nin está, nin vai estar.

1988, hai xa 36 anos. Pensemos rapidamente onde estabamos cada un de nós. Parte deste estudantado, nin nacera. A creación da Uvigo foi un par de anos despois. Pois ben, nese momento a xestión académica facíase a través dun programa, chamado GACUS (xestión académica da Universidade de Santiago). Este programa xa tiña desenvolvementos que SIGMA a día de hoxe non ten. E o problema non só é que non os faga agora, senón que pola súa configuración, son procesos que nunca fará. Hai cousas que facía Xescampus que xa se dixeron desde o principio, que con SIGMA non son nin planteables. A perda é enorme. Tal como está configurado SIGMA, hai procesos que xamais poderá facer e que si facían as aplicacións anteriores. Porque lembremos que esta é a cuarta aplicación de xestión académica na Uvigo, despois do GACUS, Xesta e Xescampus.

Vou poñer algún exemplo desta perdas: Todos os días recíbense os ficheiros de pagos dos bancos. Xescampus o conciliaba automaticamente logo de 24 horas. Pois ben, para conseguir esto con Sigma houbo que pagar. Porque a alternativa era ter unha persoa na empresa que recollera os ficheiros dos bancos, os etera en sigma e conciliara. Houbo que pagar para que fora automático e non manual. Aínda pagando, non funciona. E desde as áreas académicas teñen que pedir aos estudantes que envíen un pantallazo ou o resgardo de pago para confirmar e logo preguntar a SIGMA porque non está conciliado. Ás veces, acaban como morosos, a pesar de ter pagado, non poden pedir ol título, hai que sacar a man o recargo.... a man.... é o novo xeito de traballar nas áreas académicas.

A nivel interno, a sensación xeralizada no PAS das áreas académicas é de ter que apagar lumes constantemente. Todo son parches. Os servizos de grao, posgrao e bolsas están saturados e os problemas do programa absorben nestes servizos unha cantidade de tempo do que non se dispón. Aínda que non queren caer no desánimo non hai perspectiva de mellora no futuro. Así, non se pode dar un bo servizo nin aos estudantes nin as áreas académicas. O persoal de servizos centrais e dos centros está agotado e o que é peor,

o PAS está enfermando como consecuencia de SIGMA. O nivel de baixas nas áreas académicas é alarmante, e xa se falou disto no anterior claustro.

Esto é agotador, é patético, desquiciante, é caótico... son as palabras máis escoitadas nas áreas académicas....O hartazgo é tal que xa custa non tirar a toalla.

A nivel de equipo de goberno, SIGMA semella unha patata caliente que pasou nestas últimas semanas de depender da vicexerencia de xestión académica á vicerreitoría de planificación. Tamén se crea una dirección de área. Este cambio, parece que demandado desde SIGMA, se agradece e xenera esperanzas de ser máis fortes fronte á empresa aínda que seguimos sumidos no caos e cada paso implica poñer máis diñeiro na aplicación. Aínda que as competencias xa non dependen da vicexerenta de xestión académica, ninguén dubida do seu esforzo e do inxente traballo que realizou durante estes anos.

Os principais problemas se derivan de:

1. As xefaturas de servizo non atopan interlocutores válidos na empresa xa que non teñen coñecementos de xestión académica, xa son persoal informático. Na aplicación soamente poñen un punto de vista técnico, non normativo. Se necesitan interlocutores cos que entenderse a efectos normativos pero parece que esto non entra na súa filosofía de traballo. A relación proveedor-cliente está invertida e a sensación xeralizada e que debemos adaptarnos á SIGMA e non ao revés.

   Por exemplo, cada vez que se pide un desenvolvemento novo, non está asegurado nin pagando, xa que SIGMA acorda a prelación dos traballos nunha comisión con petición de varias universidades é eles priorizan. A priorización a fai SIGMA, non a Uvigo. Podemos pasarlles unha prelación de temas pendentes, que será SIGMA quen decida a súa orde. Somos REHENES de SIGMA. Non temos autonomía. Incluso propoñen como solución a algunhas incidencias o que chaman “adecuación de procedemento” e dicir, que debemos de cambiar a nosa normativa para adaptala a SIGMA. Ou por exemplo, os modelos de certificados que existen son os de outra universidade, a Pompeu Fabra. E punto. Ou nos adaptamos a este modelo, ou hai que pagar.

2. Algo que é gravísimo e que, a día de hoxe, a Uvigo non ten un plan con SIGMA. Non hai unha folla de ruta. 3 anos e medio despois da implantación. As decisións son cortoplacistas e para solucionar situacións concretas. Hai descontrol sobre quen da as normas. Os servizos? A unidade de SIGMA?

   O plan actual parece que é reunirse coa empresa dous días a semana para resolver incidencias (cando é posible, porque ás veces a resposta da empresa é que a persoa que debe resolver a incidencia está de vacacións). Por certo, que cada reunión custa diñeiro. Pero é evidente que esto non é un plan estratéxico. Hai moitas cuestións enquistadas logo de meses e meses sen resolverse e a estas alturas, non se poden permitir. Non no terceiro ano de SIGMA. Cando non aparecen incidencias novas en procesos que se xestionaron sen problemas anteriormente. É dicir, cousas que funcionaban e agora non. Ou outra variante, incidencias arranxadas e que agora volven a xurdir.

   O custo económico de SIGMA que vai más alá dos euros pagados á empresa. Porque hai un curso en recursos humanos. Creouse a unidade de sigma (4 postos base e 2 informáticos) pero hai unha incontable cantidade de horas de traballo perdidas non servizos e nos centros tratando de arranxar problemas. Tamén hai un custo nas persoas, xa que este caos repercute directamente na saúde do persoal, con compañeiros e compañeiras de baixa. Tamén un custo institucional e no servizo público que se está a prestar, xa que as incidencias sen resolver durante meses e meses repercuten no estudantado.

   É un custo terrible para o estudantado. Por exemplo: É gravísimo que a UVIGO estivera emitindo SET e que agora non se pode facer desde que rematou o curso 2023. É gravísimo que os títulos tardaran 6 meses en saír. É gravísimo que SIGMA permita obter o título tendo pagos pendentes na Uvigo. É gravísimo que os estudantes perderon dereitos en materia de prezos públicos xa que houbo que cambiar normas por SIGMA con respecto ao fraccionamento.

Cando un o unha estudante elixe o pago fraccionado da súa matrícula, está establecido nas normas económicas que se fará en 6 prazos cun reparto equilibrado. Pero cando hai unha modificación de matrícula, que modifica o importe a pagar, Xescampus facía un recálculo para manter ese equilibrio pero SIGMA non, SIGMA destroza o reparto equitativo e carga más no seguinte plazo despois da modificación. Hai estudantes que nese prazo teñen que pagar por exemplo, 600€ e o no resto, 100€. Non se consegue arranxalo en SIGMA e non hai perspectiva de solución. Ademais incumple as normas.

Sobre esto. Máis casos: cando hai que facer devolucións de taxas ao alumnado, por novas exencións ou por modificacións de matrícula, que fan que o prezo a pagar finalmente é inferior ao que tiñan inicialmente, Xescampus comprobaba antes de enviar o lote de ficheiros ao banco que todos eses importes estiveran pagados previamente. Pero Sigma non o fai, polo que xa temos casos de devolucións feitas a estudantes que non fixeron previamente o pago. Solución? Pois a resposta de sigma é que NOVAMENTE hai que comprobalo de xeito manual, que a aplicación non o fai. Que temos que ter unha persoa facendo ese control. O ano pasado houbo máis de 1500 devolucións. De verdade a solución é ter unha persoa revisando 1500 devolucións tendo unha aplicación informática?

Hai erros nos certificados, fallos nos datos para os rankings. As listaxes que se lle pasan á unidade de análisis e programas non son fiables. Non somos quen de saber os ingresos reais por prezos públicos, por exemplo.

É un sistema absolutamente ruinoso xa que os recursos invertidos na aplicación en absoluto repercuten nun bo servizo público.

Agora mesmo estamos nun punto de non retorno. É aínda que podemos caer no derrotismo non queda outra que tirar para diante. O equipo de goberno ten que tomar decisións. Ten que identificar e planificar as necesidades para volver ao nivel que tiñamos con Xescampus. Hai moito traballo por diante e necesitamos un plan para salir do atolladero. Este plan debe pasar necesariamente por:

1. Dotar de personal ás áreas académicas de servizos centrais e dos centros, no so para cubrir as baixas, senón que hai que redimensionar as plantillas. As áreas académicas dos centros teñen moitísimas máis tarefas que antes. Pero moitísimas máis, máis do doble. Se se pensaba reducir persoal nestas áreas é imposible con SIGMA. Procedemos automatizados con Xescampus agora hai que revisalos a man nas secretarías dos centros. E esto é algo para sempre. A man. Exemplo:

   Subvención TFG e TFM do 25% no segundo ano de matrícula. Xescampus controlaba os requisitos e xa aplicaba o desconto automaticamente. Sen embargo SIGMA, non ten esa información e parece que non a vai ter nunca polo que os estudantes teñen que pagar, logo van a secretaría onde A MAN, comproban que cumpren os requisitos e hai que facer unha devolución manual.

2. Hai que dotar de persoal aos servizos informáticos. Cantos informáticos están adicados a SIGMA? O soporte informático de xescampus eran como pouco 4 persoas (dúas, están de baixa e unha xubilada). Pois nos queda 1 informático adicado a SIGMA. Tremendo. Con esta paupérrima plantilla de servizos informáticos, sen un equipo potente, é imposible sacar adiante esta aplicación sobre todo sabendo que traballa a través de aplicación satélites, como comentei ao principio. Que desenvolvementos corresponden a SIGMA? De cales podemos encargarnos na Uvigo? Somos socios plenipotenciarios en SIGMA e polo tanto debemos esixir.

3. Hai que deseñar a unidade de SIGMA e dotala dunha estrutura administrativa estable. O coñecemento debe estar en mans de profesionais estables, de persoal administrativo e informático estable, non de persoal contratado nin en vicexerencias e direccións de área que poden cesar en calquera momento. Deben facerse grupos de traballo, o PAS ten que ter voz no seu deseño. Cando se implantou Xescampus, xerencia fixo unha consulta entre o persoal afectado para ver que aplicación interesaba máis. Fíxose unha enquisa aínda que loxicamente despois a decisión fose de xerencia, o PAS estaba informado. A implantación de SIGMA foi a través da política de feitos consumados. Non pode volver a pasar, o equipo de goberno non pode traballar á espaldas do PAS.

Esta é a realidade, señor reitor. É un tema moi serio no que o equipo debe estar á altura e deixarse a pel como leva facendo o PAS tres anos e medio. Pido reflexión ao reitor sobre a situación que está a vivir o PAS das área académicas, non poden continuar así.

Aínda que deixei varias preguntas no aire na miña intervención, quixera resposta a dúas cuestións concretas:

1. O custo. Ademáis da aportación inicial para ser socios en SIGMA, que penso que foi de 50.000€, canto diñeiro se lle pagou a empresa desde a súa implantación?
2. O plan estratéxico. Cal é a folla de ruta con respecto a SIGMA logo de todo o exposto aquí?"

Álvarez Villamarín: é un sufridor de SIGMA, conxuntamente cos PTXAS. O reitor debería ter pedido un aplauso unánime para os PTXAS. O programa piloto eran os títulos propios, os alumnos estaban contentos, pero sen avisalos, xa non se podía xestionar o título a través de BUBELA. Nunca pode ver os estudantes que estaban matriculados no título. A secretaria foi a que lle mandaba unha Excel para ver os que estaban matriculados en SIGMA. Non lembra que se preguntara para saber. Foi unha decisión suicida. Fala de 65 cargos deste equipo de goberno. A súa pregunta é que orzamento planificou a universidade para implantar SIGMA.

Intervén a continuación José Cidrás: é unha ferramenta para todos, para a Universidade de Vigo. Fixo un Plan; foi á Barcelona a ver SIGMA, despois foi á Universidade Carlos III, moi semellante á nosa, e o 5 de novembro presentou unha nova proposta. É imprescindible que funcione. Detectou que todos os servizos deben estar involucrados, e dous son básicos: un é ATIC, e despois o Servizo de Grao. Ten un esquema cunha visión total do que debe ser SIGMA. Invita a quen queira para que asista ás reunións que teñen de seguimento de SIGMA. A Xerencia ten que estudar os traslados da xente que ten que estar en SIGMA; en febreiro xa se verá se o plan funciona. E xa se verá unha estrutura estable do Plan SIGMA. Moitos problemas son nosos, debemos resolvelos nós. SIGMA xa está na fase de consolidación, facilita o correo electrónico do Vicerreitorado para arranxar todos os problemas que poidan xurdir. Os evolutivos podémolos facer nós, pero teñen un maior custo, e os deles teñen un custo menor. Eses evolutivos quedan a disposición de todos os que conforman o consorcio de SIGMA. Imos cara a unha estrutura SIGMA mais estable.

## 6. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros: A. Comisión Electoral (2 vacantes). B. Comisión de Estatutos (5 vacantes) C. Consello de Campus de Ourense (2 vacantes) D. Consello de Campus de Pontevedra (4 vacantes).

O reitor sinala que se presentaron as seguintes candidaturas:

- Comisión Electoral (2 vacantes):
  Non se presentaron candidaturas.

- Comisión de Estatutos (5 vacantes):
  - José Ángel Álvarez Moreira (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais) - Foi elixido membro da Comisión de Estatutos na sesión do Claustro Universitario celebrada o 05.07.2024

  Non se admite a súa candidatura.
  Non se presentaron mais candidaturas. Non hai elección.

- Consello de Campus de Ourense (2 vacantes):
  - Pilar Aurora Araujo Araujo (Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo) - Foi elixida

membro do Consello de Campus de Ourense na sesión do Claustro Universitario celebrada o 05.07.2024.

Non se admite a súa candidatura.
Non se presentaron mais candidaturas. Non hai elección.

- Consello de Campus de Pontevedra (4 vacantes):

  Non se presentaron candidaturas.

**7. Elección de membros do CG polo sector Decanos/Directores: 3 vacantes.**

Presentáronse as seguintes candidaturas:
- Decanos/Directores: 3 vacantes
  - Ignacio Bajo Palacio (Director Departamento Matemática Aplicada II, Escola de Enxeñaría Industrial)
  - Mercedes Gallardo Medina (Facultade de Bioloxía)
  - María Isabel Mociño González (Facultade de Educación e Traballo Social)
  - María Rosa Pérez Rodríguez (Directora Departamento Lingua Española, Facultade de Filoloxía e Tradución)
  - María Mercedes Soto González (Facultade de Fisioterapia)

Hai que celebrar eleccións.
Preparáronse as urnas necesarias para poder exercer o dereito de voto.

Saíron elixidos:
1. Ignacio Bajo Palacio. 72 votos.
2. María Rosa Pérez Rodríguez. 48 votos.
3. María Mercedes Soto González. 29 votos.

**8. Elección dun membro no Consello de Campus de Ourense: 1 PDI-B.**

Presentáronse as seguintes candidaturas:
- Sector PDI-B: 1 vacante
  - José Antonio Díaz Fernández (Facultade de Ciencias da Educación e do Traballo Social) – Non é claustral.
    Non se admite a súa candidatura
  - Manuel Pájaro Diéguez (Escola Superior de Enxeñaría Informática) Non é claustral.
    Non se admite a súa candidatura
  - Alexo Breogán Riobóo Lois (Facultade de Educación e Traballo Social) Non é claustral.
    Non se admite a súa candidatura

Non se presentaron mais candidaturas. Non hai elección.

**9. Elección, se procede, da presidencia do Consello de Estudantes da Universidade de Vigo (CEUVI): 1 estudante (membro do Consello de Goberno e do Claustro Universitario).**

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- Juan Santos Grandal (Escola de Enxeñaría Industrial), quen se presentou a todos os membros do Claustro.

Celebráronse eleccións en urna, de acordo coa normativa vixente.

Saíu elixido Juan Santos Grandal.

**10. Rogos e Preguntas.**

Jaime González González envía a súa intervención, neste sentido:

"Dado o tempo que levamos eiquí e que a ilusión da que falaba Íñigo antes agora mesmo é un plato de comida quente, vou facer un exercicio de contención, e tratarei de ser breve,
Vou ler a miña intervención e posteriormente lla enviarei á Secretaria Xeral para que conste no acta.
Como estamos en época de desexos e bos propósitos, creo que é o momento de facer peticións para o ano próximo e os que virán despois. E eu para o ano 2025 pido botar unha ollada crítica á disposición e a accesibilidade ao noso campus.

Quero destacar xa mesmo que, aínda que sexa eu quen está a traer esta situación ante o Claustro, non son nin de lonxe a voz máis autorizada para tratar este tema, polo que dende xa propoño e pido que se inicie un estudo sobre a accesibilidade física aos espazos comúns do noso campus. Tamén pido desculpas porque nesta intervención non estou a ter en conta os desafíos que atopen en materia de acceso os campus en Ourense ou Pontevedra, ou a sede cidade, poren, convido igualmente ao equipo de goberno da universidade a poñerse á disposición das comunidades de sendos campus para que expoñan as súas necesidades.

No que respecta a este Campus, querería expor unha serie de obstáculos físicos que, se as veces xa son problemáticos para persoas sen discapacidade, se presentan como escollos aínda maiores para persoas con algunha discapacidade que afecte á súa mobilidade. Procedo a continuación a enumerar algunhas destas casuísticas. Para quen non coñeza estes casos, xa solicitei á Secretaria Xeral que consten imaxes expositivas dos meus exemplos:

1. Marquesiñas e paradas de autobús: Non teño un dato oficial para afirmar isto con rotundidade, pero me atrevo a dicir que a meirande parte do estudantado, e máis parte do PTXAS e PDI acude ao noso campus mediante o transporte público. Non obstante, non todas as persoas poden facelo en igualdade de condicións porque atopan obstáculos aínda antes de subir ao bus.



Parada do autobús na FFT.



Parada do bus da EET.

No noso campus atopamos marquesiñas coma a de Teleco, elevada do chan, ou a de Filoloxía, afastada da marxe da vía tras un camiño de losas e terra afundida. (Se vas en cadeira de rodas, tócache papar auga se chove). Outras, coma a de Químicas, con chanzos ata o mesmo borde, ou a de Económicas, que so che da a oportunidade de achegarte ao edificio percorrendo unha rampla moi pronunciada. Finalmente temos a marquesiña invertida de Bioloxía que non che permite acceder ao vehículo dende ela.



*Ilustración 1 Parada de Bus Químicas/CITEXVI*

Ademais, so dúas delas (Industriais e Químicas/CITEXVI) constan de asentos, que non so serven pa descansar, sino que facilitan que aquelas persoas que o necesiten non teñan que esperar a pe firme o tempo que tarde en chegar o bus. E nisto lles invito a que non pensen so nunha persoa con discapacidade. Calquera de nos podémonos torcer un nocello ao saír deste edificio.

2. Firmes irregulares: Eu recoñezo que os meus coñecementos de arquitectura son escasos, pero como experto en ir andando aos sitios podo afirmar que a Praza Miralles é un dos percorridos máis incómodos de facer que vin na miña vida. Unha mistura de losas escorregadizas cando chove e firmes irregulares por mor da estética nos que calquera pode tropezar (e torcer o citado nocello)".

Juan Santos Grandal ten unha petición dun estudante para que se poida ver algunha alternativa para o transporte para o Claustro.

O reitor comenta que haberá unha mellora nos 3 campus, porque algunhas parecen feitas sen ningún criterio, e incluirá a mellora da accesibilidade.

O reitor sinala que intentará facer posible tamén o transporte, aínda que sexan poucos.

Ángel Álvarez Moreiras remitiu a súa intervención que figura como anexo á acta (Anexo II).

O reitor agradece a paciencia e a asistencia.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:55 h do día 19 de decembro de 2024, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor　　　　　　A secretaria xeral